

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**PARLAMENTO DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 30 de setembro de 2021 pola que se anuncian a convocatoria e as bases para a concesión de diversas bolsas para a formación práctica.

A Mesa do Parlamento de Galicia, na sesión do 27 de setembro de 2021, acordou aprobar as bases da convocatoria para a concesión das seguintes bolsas relacionadas coa actividade da institución:

1. Oito bolsas individuais para contribuír á formación en prácticas de persoas con titulación universitaria, nas seguintes modalidades:

- a) 2 bolsas de formación en arquivo, biblioteca e documentación.
- b) 2 bolsas de formación en comunicación institucional.
- c) 2 bolsas de formación en publicacións.
- d) 1 bolsa de formación en recursos humanos e contratación.
- e) 1 bolsa de formación en xestión parlamentaria.

2. Unha bolsa adicional destinada a persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 % para contribuír á formación nas áreas de asistencia xeral e administrativas, con titulación universitaria ou formación profesional.

As bases estarán dispoñibles no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.gal).

As solicitudes poderán presentarse no prazo de vinte días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente do Parlamento de Galicia

